

# Polo incerto

*Como un soño salgado e escuro*


 ARMANDO REQUEIXO

Calquera que se achegue á biobibliografía de Antonio García Teijeiro descubrirá rapidamente dúas cousas ou, máis ben, unha mesma realidade de rostro biface: a súa intensa relación co mundo da palabra (analista literario, coordinador de actividades de animación á lectura e obradoiros, conferenciante e didacta) e a súa apremante necesidade de comunicar a través das súas numerosísimas obras (preto xa do medio centenar de títulos).

Doutra parte, o seu nome como autor aparece case sempre asociado automaticamente ao eido infantoxuvenil (no que ocupa un lugar principal por méritos propios, sen dúbida), esquecendo ou obvian-do o seu labor narrativo e poético para lectores adultos, existente dende hai ben tempo.

Así as cousas, se ca-dra aínda haberá a quen sorprenda que García

Teijeiro dea agora a coñecer o poemario *Polo camiño do incerto* can-do, en realidade, o escritor vigués comezou a súa carreira no mundo da letra impresa xustamente cun libro de poemas para adultos hai xa



preto de vinte anos, *Parolando coa vixencia* (1987), aos que aínda se virían sumar co tempo *Retorno aos lamentos* (1988), *Nos mares diversos* (1999) e *Na agonía dos outonos en silencio* (2002).

Quen abra as páxinas de *Polo camiño do incerto* ha atopar ao García Teijeiro máis reflexivo, debuzado na pescuda do sentido existencial, viaxeiro impenitente por areosos mares de tebra, túneles de sombra que son lañas da memoria, estigmática das guerras todas que a humana condición leva en pesado fardelo ao carrelo. Na incésante e espectral procura da viaxe, no camiño a ningures do eu interior que esgaza na loita por recuperar a esperanza, aí ancora o amargueiro que destilan estas páxinas que, porén, non queren ser de derrota e si de realista asunción da infancia ida e a xebrea do mundo adulto que nos tocou vivir. O visionario trágico, mesmo por veces certo resaibo apocalíptico salfiren as planas deste libro, encrucillada de labirintos e sombras, de espellismos e nebulosas das que o eu poético tenta fuxir na procura dunha esperanzada luz de futuro.

*Polo camiño do incerto* é unha fiestra aberta á vertixe. Coidado co vágado na viaxe por estas cobreguexantes páxinas que mancan coma trallazos. A liberdade coma un soño salgado e escuro.

GARCÍA TEIJEIRO, A., *Polo camiño do incerto*, Ed. do Castro, Sada, 2005, 68 páxinas